

INVESTIDURA DE ALFONSO RUEDA

PARLAMENTO DE GALICIA

Pedro Puy, Portavoz do GPP

10-12 de maio de 2022

Señor Presidente da Cámara, Sr. Candidato á Presidencia da Xunta, Señorías, galegos e galegas que asisten a esta importante sesión parlamentaria:

-|-

LEXITIMIDADE E EXEMPLARIDADE

Esta é unha desas grandes ocasións, non exenta de solemnidade, na que a sociedade pode contrastar o papel esencial e central que o Parlamento de Galicia ocupa no noso sistema democrático. A democracia, como sempre nos lembra o gran Amartya Sen¹, merecidísimo último Premio Princesa de Asturias de Ciencias Sociais, non é, nin pode identificarse en exclusiva, coa idea do Goberno da maioría. A democracia certamente conleva o dereito ao voto e o respecto aos resultados electorais. Incluso é máis que un sistema que garante o exercicio dos dereitos e as liberdades individuais. A democracia, recorda Sen, “é un sistema esixente e non só unha condición mecánica (como a referida ao goberno da maioría) tomada de forma illada”.

A democracia, argumenta Sen, é unha forma de goberno que enriquece ás persoas e á sociedade en todos os eidos, incluído o do benestar, porque porta valores intrínsecos en si mesma, como a necesidade da participación política e nos asuntos comunitarios; o valor instrumental de reforzar a atención ás demandas da cidadanía en cada momento histórico; e porque ten a importante función construtiva de, a través do debate público e aberto, fixar as prioridades da acción política.

Poucas ocasións hai, como nun debate de investidura, onde se pode visualizar a esencia democrática do noso sistema político: Certamente, xogan as maiorías, o que lle furta incerteza á votación coa que lexitimaremos o cambio na Presidencia da Xunta. Pero tamén permite constatar como é a través da participación dos electores mediante os seus representantes que se materializa a elección do Presidente. Porque ao esixirse, como fai o artigo 15 do Estatuto, a presentación dun programa de goberno, o foco sitúase nas necesidades e demandas da cidadanía, se evidencia o valor instrumental da nosa democracia. E finalmente porque, a través deste debate racionalizado nas formas, o candidato, o próximo Presidente, ten unha excelente oportunidade de escoitar e debater coa oposición, aínda que mellor sería falar das

¹ Amartya Sen, El valor de la democracia, Editorial El viejo Topo, 2009

oposicións, sobre as prioridades da acción política que desenvolverá durante o seu mandato.

As anteriores constatacións, señorías, non son elucubracións teóricas á marxe do debate que hoxe mantemos. Permiten enmarcalo nunha plena normalidade democrática, esa normalidade institucional na que a política galega leva instalada, afortunadamente, máis dunha década. Nos tempos nos que por todas partes asistimos ao deterioro das institucións democráticas, nos que populismos de toda caste degradan as principais institucións, mesmo nas democracias por excelencia como a inglesa ou a americana; ou, no caso de España, ante actuacións intensamente limitadoras dos dereitos cidadáns durante a pandemia, posteriormente declaradas inconstitucionais, o que provoca a perda de confianza da poboación nas súas institucións democráticas. E por iso mesmo, a estabilidade institucional que gozamos e a confianza dos nosos concidadáns nela é, posiblemente, unha das mellores herdanzas que recibe o candidato.

Así o testemuña, sen ir máis lonxe, a ampla enquisa que acaban de publicar o Instituto Catalán Internacional para a Paz e Esade² sobre a polarización e a convivencia en España: a desconfianza cidadá no Goberno da nación se ten incrementado notablemente, ata o punto que o 47% da poboación non confía nada no executivo; sendo o único nivel de goberno que suspende en todas as CCAA. Respecto dos gobernos e institucións autonómicas, o informe salienta, e cito textualmente, que “hai dúas rexións, Galicia e o País Vasco, nas que o nivel de confianza supera o aprobado”... “a heteroxeneidade entre CCAA no grao de confianza institucional é especialmente marcado respecto da valoración dos gobernos autonómicos, pois existe máis dun punto de diferenza entre o promedio de confianza en Cataluña (o máis baixo, con 4,1) e o de Galicia (5,15) e o País Vasco (5,37)”, que teñen os máis altos.

Supoño, aínda que nalgún caso pode ser moito supoñer, que datos como o mencionado son recibidos con satisfacción por todos os grupos desta Cámara. As institucións autonómicas, tras 40 anos de exercicio do autogoberno, están perfectamente consolidadas e son valoradas positivamente pola inmensa maioría. Tras a maior crise económica vivida desde o final da segunda guerra mundial, e tras a peor pandemia sanitaria sufrida desde a primeira gran guerra, non semella mal balance.

² Polarización y convivencia en España, 2021. El papel de lo territorial, ICIP-Esade, abril 2022.

Pero se algo podemos aprender da experiencia allea e da propia durante as pasadas crises económica e sanitaria que padecemos, e que aínda seguen a causar efectos entre nós, é que as institucións democráticas hai que coidalas, hai que protexelas. E iso é tarefa común de todos nós. Do goberno, da maioría que o sustenta, e de todos os grupos políticos con representación no Parlamento.

E por iso mesmo non poido deixar de recordarlle á oposición, ou mellor diría ás oposicións, as leccións que extraen Steven Levitsky e Daniel Ziblatt³, os famosos politólogos cuxo libro sobre a morte das democracias ocupou, poeticamente, un lugar central nas mans dos manifestantes que se rebelaron contra as derivas populistas de algúns mandatarios en Sudamérica. A democracia basease nun conxunto de normas constitucionais que compre respectar, pero tamén polo uso moderado, pola contención no exercicio das potestades que esas normas institucionais atribúen aos responsables políticos, tamén aos da oposición.

Porque señorías: Poucas cousas máis normais e institucionais poden darse nunha democracia parlamentaria que a elección do Presidente do Goberno, neste caso da Xunta, no Parlamento que representa á cidadanía. Máxime se, como é o caso, a elección mesmo se ten que producir entre quen foron electos como representantes para ter escano nesta Cámara. Poucas cousas poden considerarse máis normais nunha democracia parlamentaria que, chegado o caso de terse que substituír a un Presidente, sexa o seu Vicepresidente quen resulte elixido. E todo elo nun contexto no que, a diferenza do ocorrido noutras ocasións que nos son moi próximas, algunhas xa afastadas no tempo, outras ben recentes, o cambio na dirección do executivo prodúcese sen que se modifique a aritmética parlamentaria. Esta Cámara, hoxe, responde, como o fará mañá e todos os días ata o remate da lexislatura, exactamente á mesma aritmética, ao mesmo resultado electoral de xullo de 2020. Hai, en fin, unha substitución na Presidencia da Xunta, dentro da normalidade democrática, e dándolle continuidade ao claro mandato que recibimos da cidadanía galega aínda non cruzado o ecuador da lexislatura.

Fronte a esta obvia normalidade, ¿Que temos escoitado da oposición?; ou por ser máis precisos, das dúas oposicións.

³ Levitsky, S. e Ziblatt, D., Como mueren las democracias, Ed. Ariel, 2018.

En primeiro lugar, cualificaron a substitución da Presidencia na Xunta, e cito literalmente, de ilexítima.

Xa o 9 de abril a Sra. Pontón puxo en dúbida a lexitimidade do candidato á Presidencia da Xunta, por ser o resultado dun “dedazo”, e non terse presentado como cabeza de cartel. Máis recentemente, nunha entrevista en La Voz de Galicia, afirmaba “o que imos ter por primeira vez é un presidente que non elixiron como tal os galegos, e que non deixa de ser un presidente accidental”.

Con certa sorpresa para algúns, polo menos para quen lles fala por non tratarse dunha forza política crítica co noso sistema institucional, os socialistas seguiron e afondaron nesta liña de argumentación. O pasado 19 de abril, o portavoz socialista na Cámara cualificouna como “unha fraude para os galegos e as galegas”, “unha decisión moi alonxada dunha decisión baseada na vontade dos galegos e galegas”; e uns días despois, o secretario xeral do PSdeG, alcalde de As Pontes e Presidente da Deputación da Coruña, o Sr. Formoso, declaraba, corrixindo unhas máis prudentes declaracións do seu novo portavoz parlamentario tras a rolda de consultas do Presidente do Parlamento, que ían votar “en contra dunha candidatura que é absolutamente legal pero que carece da **lexitimidade** do respaldo do pobo galego”.

Señorías, certamente é lexítimo, mesmo obrigado, que a oposición, ou por ser máis precisos, as oposicións, neguen o seu apoio ao candidato á investidura. Pero convirán comigo que unha cousa é poñer en cuestión o programa do candidato, e outra moi distinta poñer en dúbida a lexitimidade dun candidato que vai ser elixido con toda a lexitimidade que lle dan a Constitución, o Estatuto, e a votación que realizaremos ao final da mañá. Lexitimidade que lle ven dada, en definitiva, polas mesmas fontes de lexitimidade democrática coas que a Sra. Pontón e o Sr. Álvarez representan aos seus electores nesta Cámara (e da que aínda non está dotado, ata que chegue a ser deputado, o Sr. Formoso). Subverter a lexitimidade que nos outorga o sistema de representación por unha suposta falta de convalidación directa do corpo electoral e, ou non entender o noso sistema, ou, o que sería peor, socavalo intencionadamente diante da opinión pública.

E un pode entender, por moito que non comparta, a posta en dúbida da lexitimidade deste Pleno por parte dun BNG que se atopa en plena regresión programática ás súas orixes soberanistas. Pero resulta máis difícil de comprender o seguidismo dos socialistas galegos cara esta deslexitimación, non do candidato, senón do sistema mesmo, dando a

entender que existe unha discrepancia entre o que é legal e o que é lexítimo na nosa democracia constitucional e estatutaria, nun partido que sempre se recoñeceu, e recoñecemos con xustiza, como un dos principais actores na configuración do noso marco institucional.

Este seguidismo ao BNG, que deslexitima as institucións democráticas de Galicia, e non ao candidato, adoita tintes máis cómicos cando se refiren ao proceso, tamén democrático, neste caso a través das canles democráticas internas do Partido Popular de Galicia e do seu Grupo Parlamentario, de elección do candidato que, como Portavoz, tiven a honra de propoñerlle ao Presidente da Cámara. Tanto ao portavoz do grupo socialista como ao seu secretario xeral debeulles parecer suave a cualificación de “dedazo” utilizada pola Sra. Pontón, e propia do Partido Revolucionario Institucional mexicano, ben alleo ao Partido Popular de Galicia, para supostamente melloralala cunha referencia á decisión adoptada por catro baróns (con b, xa que en realidade aluden a tres baróns varóns e a unha muller baronesa) “nunha mesa camilla”. Non hai que peinar moitas canas, nin estar moi postos na historia do galeguismo e o nacionalismo para saber que na súa historia Galicia só ten unha “mesa camilla”. Aquela na que, no seu domicilio da rúa Xelmírez en Santiago, convocaba a tantos galeguistas, de esquerdas, de centro e de dereitas, en torno a Ramón Piñeiro. Aquela “mesa camilla” que, nun memorable artigo⁴, no que botaba en falta unha mención explícita á mesa no comunicado laudatorio da Academia tras decidir dedicar a D. Ramón o Día das Letras Galegas de 2009, o escritor Manuel Rivas denomina “mesa cósmica”, a única mesa galega que merece estar “no museo dos obxectos con áurea”, o “epicentro, o punto xeodésico, o lanzadeira dun renacemento na escuridade”: Un renacemento baseado na simple ecuación “democracia máis autonomía máis europeísmo”. A ecuación na que os galeguistas coincidimos desde que hai 40 anos Albor foi elixido primeiro Presidente democrático de Galicia. E precisamente, por iso mesmo, a ecuación que sempre denigraron os nacionalistas do BNG, que aínda hoxe, con todo o seu dereito, continúan enredados coa súa particular ecuación de Galicia igual a colonia, igual a antieuropeísmo máis antiatlantismo, igual a autodeterminación. E é que ata para elixir metáforas, neste caso denigratorias, hai que ter algo, senón de memoria, alomenos de fortuna. E a da “mesa camilla”, vindo do PSOE de Galicia, non é afortunada.

Porque señorías, ao final, ¿porque se empeña a oposición, ou mellor debería dicir ás oposicións, en facer estas críticas, que van desde o afán

⁴ “A mesa cósmica de Piñeiro e o Hal de Kubrick”, *Luces*, 11 de xullo de 2008.

deslxitimador ao irrisorio, pasando polo descoñecemento dos alicerces centrais da nosa democracia parlamentaria?

Porque temos feito ben as cousas desde a maioría. Nas formas parlamentarias, pero tamén cunha demostración interna de responsabilidade e unidade: non agarden que o 40% da militancia abandone o partido despois do noso Congreso; nin sequera que o noso líder, como ten ocorrido con algún dos socialistas, acabe por formar outro partido á marxe do noso.

Pero tamén no fondo e en relación coas decisións individuais e colectivas adoptadas. Porque o feito de que o Presidente Feijóo cambie de destino, para seguir servindo a Galicia e a toda España desde outra importante responsabilidade, encabezando á alternativa ao goberno socialista-podemita, respaldado polos independentistas, no fondo, saben que é bo para Galicia, pero malo para os seus intereses. É bo para Galicia que o líder da oposición parlamentaria en España leve a Galicia na cabeza. E exerza, como ten demostrado abundantamente desde o primeiro día, ese liderado impregnado de galeguismo e respecto polo estado autonómico; pola autonomía das nacionalidades e rexións que o integran; e pola súa realidade plurilingüística e cultural. Isto é negativo para os intereses do BNG, que dificilmente vai a poder seguir afirmando, como fan moitos dos seus deputados a cotío nesta Cámara, que Galicia é unha colonia, cando observan que un cidadán supostamente colonizado está chamado a liderar a metrópole, o que sería un caso único na historia do colonialismo mundial. E é negativo para o BNG, porque a mera elección de Alberto Núñez Feijóo como candidato á Presidencia do Goberno de España evidencia que vivimos nun Estado politicamente descentralizado, de corte federal, no que é habitual e normal que os líderes nacionais teñan desempeñado antes a Presidencia dos Estados (como é o caso de 4 dos 8 últimos Presidentes dos Estados Unidos⁵) ou dos lander (con 5 dos sete cancilleres que sucederon a Adenauer desde a creación da República Federal alemá ao fronte do goberno federal⁶). Resulta ata natural que quen se proclama soberanista non entenda que se pode traballar por Galicia tamén desde o Goberno da Nación.

Pero é negativo tamén para os socialistas, que lonxe de apreciar o carácter propio do federalismo na decisión adoptada por ANF, pese a

⁵ Bush jr, Texas; Clinton, Arkansas; Reagan, California; Carter, Georgia.

⁶ Scholz, Hamburgo; Schröder, Baixa Saxonia; Kohl, Renania Palatinado; Brandt, Berlin; Kiesinger, Baden-Wuttemberg.

telo eles intentado non hai tanto tempo e en máis dunha ocasión (Díaz, Bono), o critican, simplemente, polo temor que senten de que a xeneralizada desconfianza co actual Goberno de España á que fixen referencia se poida traducir na perda do poder unha vez que Feijóo representa unha alternativa constitucional, sensata, moderada e razoable; avaliada por unha xestión respaldada maioritariamente en catro ocasións.

Señorías, temos feita unha transición exemplar, lexítima, legal, e que se imbrica e reforza no carácter sistémico de corte federal do noso Estado das Autonomías. E que beneficiará a Galicia especialmente se, como desexamos e traballaremos desde o PPdeG, nas próximas eleccións xerais o éxito acompaña ao noso xa candidato nacional e aínda compañeiro no Grupo Popular. Francamente, dubido que haxa moitos galegos, salvo os máis estritos militantes, que non recoñezan que para Galicia, e para España, sería bo que o galego que probablemente mellor coñece o país, as súas xentes, e as súas necesidades, poda asumir a Xefatura do Goberno da Nación. E ningún, nin sequera o máis convencido, pode negar o feito de que dificilmente podería haber mellor coordinación ou, por empregar esa horrisona expresión tan ao uso, a cogobernanza entre quen arelamos que presida o Goberno de España e quen vai a presidir a Xunta despois de 13 anos de perfecta interrelación entre eles dous.

II PROGRAMA DO CANDIDATO

Máis razoables, aínda que tamén perfectamente desmentibles, son outras críticas que temos escoitado ao longo das últimas semanas, e hoxe nesta sesión, relativas á xestión realizada polos gobernos encabezados polo Sr. Núñez Feijóo e ao programa do candidato, ás que me referirei a continuación.

Como é natural, e ademais democraticamente de agradecer, o candidato á investidura fixo un balance do moito logrado ata o de agora. En primeiro lugar, porque é copartícipe desde o relevante posto da Vicepresidencia primeira do Goberno do feito ata agora, e loxicamente rende contas da súa xestión. Unha xestión que, en contra dos discursos catastrofistas empregados pola oposición, arrojan algúns datos que, para os que estivemos implicados nas políticas desenvolvidas nos últimos anos, son motivo suficiente que xustifican estar nesta profesión.

E, en segundo lugar, o que é máis importante, porque sen saber de onde partimos e en que situación estamos, sen ter unha diagnose certa da situación, calquera programa de goberno resulta máis ilusorio que ilusionante, por empregar outra expresión ao uso da señora Pontón.

Compartimos a diagnose feita polo candidato. Aplaudimos que propugne darlle un novo pulo ás actuacións programáticas apoiadas nas eleccións autonómicas, e ás actuacións previstas, sen ir máis lonxe, no Plan de Reactivación aprobado por esta Cámara, antonte evidenciado no seu discurso en ámbitos tan importantes como a sanidade ou as políticas sociais. Eloxiamos o método elixido para implementalas: o diálogo e a cooperación institucional, entre administracións, cos grupos políticos, e cos axentes económicos e sociais. E compartimos o seu propósito de actuar de maneira coordinada cos obxectivos a longo prazo previstos no Plan Estratégico Galicia 20-30, que pronto entrará na Cámara e que evidenciará, unha vez máis, quen ten visión estratéxica do país, e que non; quen ten a capacidade de programar actuacións dirixidas á procura de resultados que arelamos conxuntamente, e quen, pola contra, limítase a propor medidas irrealizables técnica e xuridicamente, tentando ilusionar pero xerando meras ilusións.

No seu discurso, o candidato deixou claras as prioridades do seu goberno. Proseguir coa recuperación da economía e do emprego, e adoptar medidas que á vez que impulsan o crecemento contribúen a corrixir os problemas que as familias afrontan, con políticas fiscais e sociais dirixidas a mellorar o seu benestar.

Por seguir o acertado esquema da súa intervención permítanme referirme, en primeiro lugar á economía. Vivimos uns momentos especialmente preocupantes no eido económico. Tras superar a crise financeira iniciada no 2008, encadeando varios anos de crecemento do PIB e do emprego, e de converxencia en salarios e PIB per capita (Galicia foi a segunda Comunidade Autónoma que máis incrementou o seu PIB per capita, un 18,2%, no período 2009-2020), a pandemia trouxo novas complicacións. A paralización dos procesos produtivos e do comercio internacional provocou unha crise de oferta, cunha suba de prezos perfectamente constatable antes da condenable (sen paliativos) invasión de Ucraína por Rusia; que acentuou o proceso inflacionario ata cifras non vistas en décadas; en tempos anteriores a integración monetaria (o que reduce a marxe de actuación a través dese instrumento de política económica, agora centralizado). A inflación que estamos a sufrir é de oferta, causada polo desabastecemento dos mercados, e moi particularmente pola suba dos prezos na enerxía,

acentuados en España por decisións precipitadas en relación coa transición enerxética. É importante entender este matiz: a inflación é fundamentalmente de custos, e entre eles o do prezo da enerxía, e non de demanda: non se trata de que as familias dispoñan de máis cartos e colapsen os mercados adquirindo produtos. Ao revés: a demanda de bens de consumo se está a conter, e o que suben son os prezos dos produtos, moitos deles básicos (o pan, o gasoil), que as familias non poden deixar de consumir, aínda que sexa en menor medida. Como resultado obvio, en calquera caso, as rendas familiares dispoñibles se reducen a taxas non vistas en décadas.

Precisamente os cambios no marco institucional co que abordamos esta espiral inflacionista nos permite ver cal é o ámbito no que atopar respostas. En primeiro lugar, no entorno da Unión Europea a través das competencias do Banco Central europeo e das institucións comunitarias. E só cabe eloxiar, e agradecer, a resposta que desde estas institucións se está a dar para evitar a inflación, e, o que sería aínda máis grave, a conxunción de inflación con estancamento económico ou estanflación. A diferenza da Reserva Federal, que opera nunha economía en pleno emprego, o Banco Central Europeo está adiando a suba do prezo do diñeiro; e as autoridades comunitarias emprenderon un ambicioso plan de financiamento, os fondos europeos *Next Generation*, recorrendo por vez primeira ao endebedamento comunitario, dirixido á vez á reactivación económica, á dixitalización do tecido produtivo e á transición cara unha economía máis sostible. A Unión Europea está desenvolvendo políticas monetarias e orzamentarias favorecedoras da recuperación e o crecemento; á vez que, a través de actuacións conxuntas para a adquisición de fontes de enerxía distintas das procedentes de Rusia, contribúe a paliar a suba de prezos derivada dos custos eléctricos.

Corresponde aos Estados, nun segundo nivel administrativo descendente, aproveitar ben as oportunidades que nos brinda Europa cunha política monetaria que abarata o endebedamento nacional e unha ampla política de investimentos a través dos Fondos NGUE. Atopámonos aquí cun primeiro atranco: a lentitude e a falla de programación por parte da Administración central para un rápido aproveitamento dos Fondos. O Banco de España xa tiña, antes da invasión de Ucraína, axustado á baixa o crecemento do PIB como consecuencia da baixa execución, en relación co previsto, dos Fondos NGUE. E a situación segue a ser de premiosa lentitude.

No tocante aos PERTES, completamente centralizados, basta con sinalar tres feitos:

- Primeiro: só o 14% dos 33.700 M€ destinados aos 9 PERTES xa aprobados polo Goberno téñense traducido en convocatorias a día de hoxe (4.000 M€)
- Tras solicitar unha prelación dos tres proxectos máis importantes presentados por cada CCAA o goberno aínda non respondeu sobre o seu financiamento, e un dos tres seleccionados polo Goberno Autonómico, o das fibras téxtiles, para o que xa se atopou un investidor e unha localización tecnicamente viable, aínda non sabemos con certeza a que PERTE se vai a acoller.
- Tras incluír tamén entre os prioritarios o presentado por *Stellantis Vigo*, unha das factorías máis competitivas de Europa e base da economía do sur de Galicia e o conxunto do país, a propia empresa declara que o PERTE da automoción feito público non lle permite optar ao seu proxecto de vehículo eléctrico conectado; o agrava a situación creada pola non conexión de Vigo á rede eléctrica de 220Kv.

Neste contexto xeral compre salientar, como fixo o candidato, que Galicia, cunhas contas saneadas, e sendo a Comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda pública entre 2009 (ano no que estábamos por riba da media en relación ao PIB) e 2021 (ano no que debemos un 7,4% do PIB menos que a media de todas as CCAA) parte dunha situación moito mellor; que permite, entre outras cousas, ser das CCAA que antes paga aos provedores, un tema non menor cando a inflación ronda o 10%. Unha marxe de actuación que permite ser optimista en relación á capacidade da Administración autonómica para continuar impulsando os sectores clave na creación de emprego. Onde, por certo, tamén podemos lucir melloras con relación ao 2009: 57.000 parados menos nas listas de desemprego; e practicamente o mesmo nivel de afiliación a seguridade social que no 2009, pese a caída da poboación activa derivada da evolución demográfica do país.

Porque se baixamos ao nivel territorial autonómico, ¿cal é a marxe da actuación?. Certamente, en primeiro lugar, e como o candidato apuntou, e a Xunta está a facer e continuará a facer, axilizar a posta en marcha dos fondos europeos, pero tamén reivindicando a inclusión de proxectos como o do *Stellantis* no PERTE do automóbil, ou instando á posta en marcha dun PERTE cultural. E en segundo lugar actuando, dentro da marxe competencial propia, para reducir as cargas fiscais que a inflación traslada ás familias galegas.

Señorías, cada punto de inflación incrementa a recadación en 2000 M€, segundo acaba de informar a AIREF. É o efecto combinado da imposición indirecta que grava unha porcentaxe de prezos crecentes; e da progresividade en frío no IRPF que fai que Facenda ingrese máis polas subas salariais que apenas chegan a manter o poder adquisitivo dos salarios.

Sendo menor a capacidade de actuar da Administración autonómica polo lado do ingreso, é maior a capacidade de actuación polo lado do gasto. E quero salientar, fronte a discursos negacionistas, que das 16 medidas demandadas á Xunta para paliar os efectos económicos da invasión de Ucraína que foron aprobadas pola Cámara, 8 xa están publicadas no DOG (como o bono turístico ou os préstamos directos para financiar a operativa dos incrementos de prezos das materias primas); 4 non precisan da súa publicación (como as axudas directas aprobadas para as 127 concesións de transporte público ou a ampliación do bono social térmico, con resolución accesible na Web da consellería), e tan só 4 están aínda en tramitación para a súa publicación (como a relativa o anticipo das axudas da PAC, pendente dun informe da Intervención, pero que en todo caso serán adiantadas de forma considerable respecto a data habitual de cobro, no outono).

No ámbito dos servizos públicos, compre destacar do programa presentado polo candidato, en primeiro lugar, e tamén pola súa incidencia na competitividade da nosa economía, os avances anunciados en educación. Dicía hai uns minutos que hai datos do balance que xustifican e compensan á dedicación á política. Entre eles atópanse as melloras do noso sistema educativo: o Ministerio de Educación acaba de certificar que o noso sistema educativo é o máis inclusivo de España, catro puntos por riba da segunda CCAA, e máis de 10 puntos por riba da media. Superamos as medias española e da OCDE, en todos os parámetros de calidade segundo o informe Pisa; e o abandono escolar se reduciu, desde que vostedes gobernaban, desde o 25,8% ao 8,1%. E as familias que fan o esforzo de matricular aos seus fillos nas Universidades galegas soportan as taxas máis baixas de España, que fixan conxeladas desde hai 11 anos; sen que elo repercuta negativamente nun financiamento universitario que, tras a firma do último acordo, os tres reitores eloxiaron. Pero, quizás, a principal aportación á educación e á igualdade de oportunidades no acceso ao emprego é o avance en Formación Profesional. Hai un 50% máis de matriculados na FP que no 2009 (pese a caída da poboación en idade de formación). Puxéronse en marcha novos ciclos e novos másteres imbricados no sistema produtivo dos territorios, e nos sectores

emerxentes (intelixencia artificial, big data...) con maior saída laboral. No seu conxunto, a empregabilidade dos titulados en FP sitúase por riba do 85%. Unha sólida base sobre a que o candidato incluíu novos avances no seu programa: no ámbito da convivencia escolar; no impulso a FP dual; a creación do centro Galego de innovación en FP; ou a consolidación da carreira de investigación.

Algo semellante podemos dicir respecto da Sanidade: os avances nos últimos anos permiten afianzar o impulso que o candidato anunciou para mellorar a sanidade pública. Porque lonxe dos discursos catastrofistas da oposición, a sanidade pública ten mellorado nos últimos anos: en infraestruturas (novos hospitais, como o de Vigo; e 90 centros de saúde novos ou renovados); introdución de novos tratamentos innovadores (Da Vinci, protonterapia, etc...); maiores recursos (un 26% máis no 2022 - 4494 M€- que no 2009 -3.639 M€) e un 17% máis de profesionais, ata preto de 43.000 así o avalían. Só se reduciu o gasto farmacéutico, por certo, grazas a unha norma que o anterior Goberno socialista tratou de paralizar cun recurso de inconstitucionalidade desbotado polo propio Tribunal Constitucional. Melloras que están detrás, xunto coa excelencia dos nosos magníficos profesionais, do incremento da valoración dunha sanidade pública que, de acordo co Barómetro sanitario do Ministerio, en 2009 era a segunda con peor valoración do Estado; e en 2021 obtén dos seus usuarios unha nota superior á media das restantes CCAA. Que están detrás dos mellorables pero salientables, en termos comparativos, datos das listas de espera, de acordo coa última información homoxénea facilitada tamén polo Ministerio hai uns días: Galicia é a terceira CA na que menos hai que agardar por unha intervención cirúrxica (superando á admirada Asturias do Sr Torrado: 77 vs 95 días); e en consultas co especialista tamén somos os terceiros con menos tempo de agarda media, tamén lonxe de Asturias (56 vs 79 días). Ou detrás de resultados na loita contra a pandemia, na que Galicia foi capaz co seu sistema de saúde pública, de salvagardar máis vidas, proporcionalmente, que ningunha outra CA peninsular: A menor taxa de mortalidade por 100.000 habitantes así o testemuña. Sen esquecer ao 3.407 falecidos que leva causado esta pandemia en Galicia.

Unha sólida base, pois, para seguir avanzando como anunciou o candidato, ampliando o calendario vacinal coa incorporación de tres novas vacinas, que farán de Galicia a CA co calendario vacinal máis completo de España; ou como prioridade, culminando a reforma da atención primaria. Porque é certo, como anunciou o candidato, que hai marxe para mellorar a xestión da atención primaria: con novas prazas de facultativo especialista; con un uso máis perfeccionado da telemedicina

e a integración de toda a información na tarxeta sanitaria. Reforzando a autonomía dos centros, e mellorando salarialmente o esforzo que fai o persoal sanitario de atención primaria. Pero señorías: facerse trampas ao solitario, como fan vostedes, non soluciona os problemas da atención primaria: é necesario que o Goberno socialista autorice máis formación Mir; é necesario que se convoquen por separado as especialidades de médico de familia e de medicina de urxencias. Sería oportuna unha convocatoria extraordinaria de médicos de familia. A nós, neste ámbito, abóndanos co compromiso asumido polo candidato no seu discurso: o compromiso de formar e contratar a todos os médicos especialistas en medicina familiar que nos permita o Goberno de España.

Do mesmo xeito, compre salientar a sólida base de mellora nas políticas sociais que lle dan credibilidade ao programa do candidato neste ámbito. Multiplicamos por 4, desde que vostedes gobernaron, de 14.000 a 63.500, os dependentes atendidos. Multiplicamos por sete, desde que vostedes gobernaron, os beneficiarios da axuda no fogar (de 3.500 a 24.000). Incrementamos exponencialmente, porque apenas existían cando vostedes gobernaban, as axudas á natalidade. Multiplicamos por dous, desde que vostedes gobernaban, as prazas financiadas publicamente en residencias, centros de día e de discapacidade. Políticas sociais que facilitan que o índice de pobreza AROPE nos sitúe por debaixo da media de España, así como todos os indicadores (Gini, 20/80) que miden a desigualdade. Unha base sólida que fai crible os anuncios programáticos do candidato, que avanzou a gratuidade de todas as prazas en escolas infantís, a incorporación de 2.000 novas prazas públicas en residencias; así como unha innovadora pero necesaria política de atención preferente e personalizada na Administración autonómica para as persoas maiores de 65 anos.

O feito avalía o anunciado. E Galicia non só conta coa imprescindible estabilidade institucional para garantir as propostas do candidato; tamén conta cunha sólida estabilidade política, a que lle outorga o GPP, ao candidato, Sr. Rueda, coa que pode vostede lealmente contar para implementar as medidas anunciadas.

III VALORACIÓN FINAL E REMATE.

Máis alá das enumeradas ao comenzo da miña intervención, hai outra forma de distorsionar o debate para o que hoxe fomos convocados. Porque hoxe fomos convocados, tras constatar a Presidencia do Parlamento a existencia dunha maioría en apoio da candidatura de Alfonso Rueda, para debater a súa investidura, e non o programa nin a investidura de ningún outro candidato ou candidata.

A oposición, ou mellor dito, as oposicións, preferiron, en vez de centrarse no regulamentariamente marcado, aproveitar a situación para expor os seus programas; os programas que a cidadanía galega non convalidou nas últimas eleccións autonómicas. Facendo tal cousa (para a que están, naturalmente, no seu dereito), e actuando igual que eses parentes que convidados a unha voda non se resisten en intentar roubar o protagonismo dos verdadeiros protagonistas da cerimonia, que son os contraentes, nos deron, en contra do pretendido, unha mostra máis da súa febleza política.

Unha febleza que deriva da inexistencia, en sentido literal, dunha alternativa á maioritaria: non nos presentaron un programa alternativo, senón dous; e ademais perfectamente incompatibles entre si no substancial para a cidadanía de Galicia. A Sra. Pontón propugna unha tarifa galega e impostos ás eléctricas. Os socialistas están en contra, e apoian o desenvolvemento do sector eólico ao que se opoñen os nacionalistas. O BNG reivindica, en materia de financiamento, un Cupo Foral; ao que se opoñen os socialistas. O BNG insiste no soberanismo, o que é cualificado polos socialistas como ideas do pasado prexudiciais para o país a alleas ao sentir do noso pobo. A Sra. Pontón considera que a OTAN é unha organización belicista, e non, a organización que nos protexe de invasións imperialistas, agora si, como a que está a padecer o pobo de Ucraína.

Non é sorprendente que hoxe tentasen presentar os seus programas aproveitando unha investidura allea: saben que ningún deses programas tería o respaldo desta Cámara, mesmo no caso, que esperamos non chegue a suceder, de que a aritmética parlamentaria dese para formar un goberno de coalición que reproducise, a escala autonómica, o espectáculo que está a dar a actual coalición governamental, que tanto se parece, a súa vez, ao espectáculo que nos dera o bipartito.

Ademáis de con esa curiosa e chamativa competición para ver quen encabezaría unha hipotética e inexistente alternativa, as oposicións tamén demostraron a súa febleza enumerando propostas claramente irrealizables. Con ilusións, que obviamente non poden máis que ilusionar aos ilusos que crean que é posible, desde Galicia e no actual marco normativo, subirlle os impostos ás eléctricas, crear unha compañía pública eléctrica ou crear unha tarifa eléctrica; que ademais serían ruinosas para as nosas economías empresariais e familiares; case tanto como para a facenda autonómica implantar un cupo foral. Afirmar que se investirían 700 M€ nun plan de choque, e outros 200 M€ na atención primaria, sen sequera insinuar de onde saírían eses 900 M€, só pode ilusionar aos ilusos que crean que os cartos caen das árbores. O mesmo que os socialistas cando propoñen, coma no último pleno, que dediquemos máis de 250 M€, a metade do ingresado a través das entregas a conta do estado, para subvencionar o transporte, sen indicar que partidas de gasto dos vixentes orzamentos pensaban recortar nesa mesma cantidade.

O discurso do candidato Alfonso Rueda, pola contra, evidencia a fortaleza do Partido Popular de Galicia. A fortaleza que nos dan 13 anos de xestión repetidamente avaliada pola maioría dos galegos e galegas, que se algo non son é, precisamente, ilusos. A fortaleza que nos da a unión en torno ás ideas moderadas, galeguistas e reformistas que o candidato presentou no seu discurso; unión en torno a unhas ideas que as dúas oposicións hoxe representadas na Cámara, e en base a súa propia experiencia partidaria interna, son incapaces sequera de comprender. A fortaleza que da a viabilidade dunhas propostas realistas, enmarcadas na ilusionante tarefa na que o candidato, e todos os que o acompañamos neste camiñar, estamos comprometidos: a tarefa de facer unha Galicia mellor para vivir, e contribuír con elo a facer de España un país mellor e de Europa unha unión máis perfecta.

Sr. Candidato, sr. Rueda. Probablemente a mellor parte do seu discurso, alomenos ao xuízo deste portavoz, máis aló do impulso programático, foi a súa reivindicación de todo o logrado polos galegos e galegas nesta frutífera etapa autonómica; porque imbrica a tarefa que virá coa labor xa feita. Con independencia de quen liderase a Xunta en cada momento. Porque a inmensa maioría dos galegos comparte as ideas fundamente democráticas e dialogantes, reformistas, autonomistas, galeguistas e europeístas, formuladas hai máis de 4 décadas no entorno da única “mesa camilla” memorable da historia de Galicia; que levan 40 anos demostrando ser as acaídas para garantir o progreso da nosa querida Galicia; e que vostede reivindicou e actualizou no seu discurso; tal e

como fixeran Albor, Laxe, Fraga, ou Touriño no seu día. E máis recentemente ANF, que aínda nos acompaña, e ao que lle transmitimos desde esta Tribuna unha vez máis, o noso agradecemento pola súa entrega ao país e lle reiteramos os nosos mellores desexos de éxito na nova tarefa que emprende, polo ben de Galicia e do conxunto de España.

Alfonso, Parabéns. Os que te coñecemos desde hai moitos anos sabemos que reúnes os coñecementos, a experiencia, a vontade e o talante precisos para darlle continuidade ao proxecto inacabable de facer de Galicia un país mellor. Contas para elo co apoio e a lealdade deste grupo maioritario; e seguro que co de moitos milleiros de galegos e galegas máis que saben que vas a dar o mellor de ti para conseguilo. Para estar altura, como sabemos que estarás, das esixencias desta nosa democracia parlamentaria.

Grazas.